

Sesión de narración oral con Anxo Moure

O NUBINETE CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

05 Agosto, 12:00

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal
Santiago de Compostela

O Nubinete contra o cambio climático, unha proposta de viaxe de contos e cantigas ate as nubes para coñecer a problemática da contaminación e cambio climático. Cun singular paraugas reciclado de nome Dameaugas conquistar que chovan contos, soños, esperanzas e futuro.

Este contacontos está baseado no libro *O paraugas Dameaugas* de Anxo Moure (editorial Urco) e forma parte do proxecto CUCO (Cultura contra o cambio climático).

Dirixido a nenas e nenos de 3 a 8 anos.

No salón de actos. Entrada libre ata ocupar a capacidade da sala. É preciso recoller unha invitación no mostrador de información 30 minutos antes do comezo da actividade.

En aplicación das normas de funcionamento das bibliotecas de xestión autonómica a partir do 22 de xuño de 2020 ata o levantamento da emerxencia sanitaria en Galicia, a capacidade do salón de actos é máis reducida do habitual xa que debemos garantir a distancia de seguridade.

A sala está dividida en 14 grupos de cadeiras e cada un deles pode ser ocupado por ata catro persoas convivintes.

Todas as persoas maiores de 6 anos deben levar máscara. As nenas e nenos menores de 6 anos non teñen a obriga de usala, pero deben estar sempre baixo a vixilancia dunha persoa adulta que se responsabilice do cumprimento das normas de hixiene.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Normativa de uso do salón de actos

Contacontos/Narración oral

Público infantil

Entrada de balde

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/axenda/o-nubinete-contra-o-cambio-climatico>